

Acta núm. 1/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 8 de xaneiro de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 8 de xaneiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 20 de decembro de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de segregación.
- 5º.- Licenzas de primeira ocupación.
- 6º.- Bonificacións prezos públicos.
- 7º.- Prezo público pola asistencia aos cursos de inglés.
- 8º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20 de decembro de 2018, acta núm. 20/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL REY PICHEL, con domicilio na Urb. Monte Devesa 10, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda da Urb. Monte Devesa 10, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA TERESA PEREIRA LORENZO, con domicilio na Urb. Monte Devesa 30, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda da Urb. Monte Devesa 30, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBEN DIEGUEZ GALEGO, con domicilio na Urb. Monte Devesa 19, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda da Urb. Monte Devesa 19, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN LOPEZ RICO, con domicilio en Praza de Utrera 7, 4ºB, Santiago de Compostela, na que comunica que vai construír un galpón de 10 m2 de superficie, revestido e con cuberta de tella, en Babenzo 20, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que estea situado a 7 metros do eixo do camiño e a 3 metros dos lindeiros laterais e posteriores.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica no lugar do Casal, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o apoio existente HV-630-11, ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía

pública. Para a canalización do mencionado condutor realizaranse unha zanja cunha lonxitude total de 150 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, visado nº 3699/18-CO, do 03/12/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 877,75 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ENMANUEL LAZARO PEREZ, con domicilio en Piñeiro 1, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para facer un cruce na vía de comunicación entre os núcleos de Piñeiro e Buido, para conectar os servizos de telefonía e datos e dar servizo á vivenda de Piñeiro 41, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de JOSE ANTONIO VILLARONGA PORTO, con domicilio en Estrar 25, Os Ánxeles, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 7039403NH2474S0001OW, do lugar de Estrar, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica industrial Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña e Pontevedra o 05/12/2018; núm. Expte:20180932.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 7039403NH2474S0001OW.

Superficie total: 5.548 m2.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Manuela Paramos Veiga (parcela catastral 7039402NH2474S0001MW).

Sur: Luis Amancio Villa Camoiras (parcela catastral 7039404NH2474S0001KW) e camiño.

Leste: por onde ten a súa entrada, estrada de Estrar a Vilanova.

Oeste: Genoveva Paramos Veiga (parcela catastral 7039406NH2474S0001DW), Ruperto Rivas Lesta (parcela catastral 7039405NH2474S0001RW) e Luis Amancio Villa Camoiras (parcela catastral 7039404NH2474S0001KW).

Sobre a finca encóntranse varias edificacións dedicadas a vivenda e almacén.

Segregación pretendida:

PARCELA A:

Superficie total: 1.157,11 m2.

Superficie de cesión: 26,55 m2 (cando menos a 4,00 metros do eixo).

Superficie neta: 1.130,56 m2.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela B procedente desta segregación.

Sur: resto de finca matriz procedente desta segregación.

Leste: estrada de Estrar a Vilanova.

Oeste: Genoveva Paramos Veiga (parcela catastral 7039406NH2474S0001DW), Ruperto Rivas Lesta (parcela catastral 7039405NH2474S0001RW).

PARCELA B:

Superficie total: 954,13 m2.

Superficie de cesión: 32,57 m2 (cando menos a 4,00 metros do eixo).

Superficie neta: 921,56 m2.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Manuela Paramos Veiga (parcela catastral 7039402NH2474S0001MW).

Sur: estrada de Estrar a Vilanova.

Leste: parcela C procedente desta segregación.

Oeste: parcela A procedente desta segregación.

PARCELA C:

Superficie total: 954,56 m2.

Superficie de cesión: 41,87 m2 (cando menos a 4,00 metros do eixo).

Superficie neta: 912,69 m2.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Manuela Paramos Veiga (parcela catastral 7039402NH2474S0001MW).

Sur: estrada de Estrar a Vilanova.

Leste: parcela D procedente desta segregación.

Oeste: parcela B procedente desta segregación.

PARCELA D:

Superficie total: 1.068,08 m².

Superficie de cesión: 52,82 m² (cando menos a 4,00 metros do eixo).

Superficie neta: 1.015,26 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Manuela Paramos Veiga (parcela catastral 7039402NH2474S0001MW).

Sur: estrada de Estrar a Vilanova.

Leste: remata en punta coa estrada de Estrar a Vilanova.

Oeste: parcela C procedente desta segregación.

Sobre a finca encóntranse varias edificacións dedicadas a vivenda e almacén que ocupan unha superficie de 275 m² sobre a parcela e teñen unha superficie construída total de 412 m².

RESTO FINCA MATRIZ:

Superficie total: 1.414,12 m².

Superficie de cesión: 5,65 m² (cando menos a 4,00 metros do eixo).

Superficie neta: 1.408,47 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela A procedente desta segregación.

Sur: Luis Amancio Villa Camoiras (parcela catastral 7039404NH2474S0001KW) e estrada de Estrar a Vilanova.

Leste: estrada de Estrar a Vilanova.

Oeste: Ruperto Rivas Lesta (parcela catastral 7039405NH2474S0001RW) e Luis Amancio Villa Camoiras (parcela catastral 7039404NH2474S0001KW).

Sobre a finca encóntranse varias edificacións que ocupan unha superficie de 180 m² sobre a parcela e teñen unha superficie construída total de 291 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 26,55 m², 32,57 m², 41,87 m², 52,82 m² e 5,65 m²,

destinados a vias ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE MANUEL VIDAL VAZQUEZ, con domicilio en Tembra 65, Boullón, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Tembra 65, Boullón.

Con data 07/10/2014 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a José Manuel Vidal Vázquez e Elva Davila Ramilo, para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Tembra 65, Boullón.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Guadalupe Patiño Abuín e Manuel González González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17/07/2018, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARIA GARCIA CARBIA, con domicilio en Estrar 39, Os Ánxeles, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Estrar 14, Os Ánxeles.

Con data 01/02/2018 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Rosa María García Carbia e Claudio Alejandro Strazzulla Varsavsky, para as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Estrar 14, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/10/2018, e do informe do asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, autorizando á interesada o mantemento en precario do muro de peche que se sitúa na porción obxecto de cesión ao Concello con destino ao viario público, co compromiso de proceder a súa demolición sen indemnización ningunha no intre en que o Concello o requira, e singularmente, cando se proceda polo Concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro na situación de fora de ordenación, sen que se poida levar a cabo no mesmo máis obras que as permitidas polo artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para tales construcións, segundo compromiso asinado pola interesada con rexistro de entrada no Concello núm. 4666, do 11.12.2018.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- BONIFICACIÓNS PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por J.M.A.S.J., con rexistro de entrada no Concello núm. 4872, do 28.12.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa

correspondente a súa participación no: Curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 28/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º Conceder a J.M.A.S.J. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 50 €, correspondente a súa participación no curso básico de preparación para o acceso a ciclos de FP, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por P.S.J.R, con rexistro de entrada no Concello núm. 4873, do 28.12.2018, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 28/12/2018, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º Conceder a P.S.J.R. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 50 €, correspondente a súa participación no curso básico de preparación para o acceso a ciclos de FP, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

SETIMO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA AOS CURSOS DE INGLES.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 21/12/2018 de prezo público para a asistencia aos cursos de inglés para adultos, que se impartirán entre os meses de xaneiro a xuño e outubro a decembro de 2019.

Vistos o informe técnico do 21/12/2018 e o informe de intervención do 21/12/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de inglés, de acordo coa seguinte tarifa:

.- Prezo público alumno por curso.....30,00 €/mes.



3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González